

UGT LEMBRA QUE AS EMPRESAS DEBEN PREVIR A EXPOSICIÓN Á CALOR CON PROTOCOLOS ADECUADOS

As persoas traballadoras teñen dereitos fronte ao serio risco para a saúde que supón a exposición á calor. Ante a calor existen dereitos. Esíxeos

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) lamenta os falecementos rexistrados por golpes de calor no eido laboral, así como todos os danos de menor gravidade das demais persoas traballadoras que sufriron golpes de calor nos últimos días. O sindicato lembra ás empresas a obrigaón de implementar medidas preventivas que eviten as consecuencias das altas temperaturas sobre a saúde das persoas traballadoras, especialmente daquelas que desenvolven a súa actividade ao aire libre.

Durante o verán, e ante as altas temperaturas rexistradas en todo o país, é esencial que as persoas traballadoras sexan informadas dos riscos asociados á realización das súas tarefas nestas condicións e que coñezan os síntomas do golpe de calor. Ademais, UGT advirte de que a exposición á radiación solar pode provocar cancro de pel ou lesións oculares.

Beber auga con frecuencia, realizar pausas periódicas, vestir roupa transpirable, cubrirse a cabeza, utilizar lentes de sol e aplicarse cremas e bálsamos labiais con protección solar son medidas clave para

evitar danos á saúde. Do mesmo xeito, as persoas traballadoras deben dispoñer de zonas de sombra adecuadas.

UGT insiste en que as empresas deben realizar a correspondente avaliación de riscos laborais, na que se contemple a exposición a altas temperaturas. Na devandita avaliación deberán terse en conta tanto as características do posto de traballo como as condicións persoais e o estado biolóxico coñecido da persoa traballadora.



Mellor previr que curar

En función dos resultados da avaliación de riscos, a empresa deberá adoptar medidas preventivas, incluídas as organizativas, para evitar danos á saúde. Ademais de evitar a exposición á calor durante as horas de maior intensidade, é necesario previr o traballo en solitario e adaptar ritmos e cargas de traballo. Para iso, resulta imprescindible a elaboración de protocolos

específicos para protexer ás persoas traballadoras.

No caso de que existan alertas ou avisos meteorolóxicos de nivel laranxa ou vermello, e cando as medidas preventivas non garantan unha protección eficaz, será obrigatorio adaptar as condicións de traballo. Isto inclúe a posibilidade de reducir ou modificar a xornada laboral en función das condicións climáticas.

CONTINUÁ ABERTA A ENQUISA SOBRE VIVENDA

Redacción.- A enquisa sobre vivenda, que UGT puxo en marcha no mes de maio, continúa operativa. Dirixida á afiliación, pretende coñecer cales son as súas condicións en materia de vivenda. O cuestionario, que se responderá de maneira anónima e voluntaria, ten 30 preguntas e busca coñecer os problemas máis habituais neste ámbito.

A enquisa está estruturada en diferentes bloques nos que se pregunta desde as características da vivenda ata a opinión da afiliación sobre a normativa nesta materia. O cuestionario conta cunha serie de preguntas xerais e, despois, divídese en tres grandes grupos de preguntas dependendo de a quen van dirixidas: propietarios, inquilinos ou pequenos rentistas. UGT busca con este cues-

tionario establecerse como referente en materia de vivenda ao poder extraer información cuantitativa dos case un millón de afiliados, con datos ordenados por Código Postal, de tal forma que se obteña unha fotografía moi específica da realidade habitacional de cada barrio, cidade ou comunidade autónoma. Esta enquisa tamén é un punto de partida para UGT, que contará con información propia, a partir da cal, o sindicato poderá construír as súas propias propostas en materia de vivenda. Esta é a primeira vez que UGT realiza un cuestionario tan amplo sobre as condicións de vida da súa afiliación. Pódese acceder ao cuestionario a través da App de UGT ou nesta ligazón: <https://www.ugt.es/cuestionario-sobre-vivienda>

PARTICIPA EN LA ENCUESTA SOBRE VIVIENDA

<https://forms.office.com/e/mThkwAwQJQ>

ESPACIO DE **viviendadigna** | UGT

A ÁREA LGTBI DE UGT GALICIA CHAMA Á PARTICIPACIÓN NAS MANIFESTACIÓNS DO DÍA 28 DO "ORGULLO LGTBI 2025"



Redacción.- A Área LGTBI de UGT-Galicia chama á participación nas mobilizacións convocadas o día 28, este sábado, co gallo do Día Internacional do Orgullo LGTBI. Na Coruña está prevista unha manifestación que sairá ás 19.30 horas da Praza de Ourense e en Vigo ás 20.00 horas da Dobrada.

Dende UGT lémbrese que o sindicato foi parte activa na conquista de dereitos fundamentais. Traballando incansablemente para que as empresas non sexan espazos de discriminación, senón de liberdade, igualdade e respecto. Por iso, estes últimos anos, grazas á loita colectiva LGBTI do noso sindicato e ao traballo que realizamos no diálogo social, podemos celebrar avances decisivos.

En primeiro lugar, a aprobación da Lei 4/2023 coñecida como Lei Trans e Lei LGTBI, en cuxo artigo 15.1 recoñécese a obrigación das empresas de respectar e protexer a diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero e de adoptar medidas para previr e corrixir situacións de acoso ou discriminación.

Obxectivo principal que tiñamos hai uns anos e que hoxe é unha realidade

É unha realidade porque logramos con presión o desenvolvemento do Real Decreto 1026/2024. Este RD abre todos os nosos convenios colectivos para incluír medidas de protección e protocolos de actuación contra a LGBTIfobia. Imos negociar ata a última coma, situando a diversidade e o benestar laboral do colectivo no centro da nosa acción sindical.

Contra a LGBTIfobia no emprego: tolerancia cero

Hai que nomear este odio porque existe. O acoso e a violencia sexual, as agresións físicas e as verbais, así como os rexeitamentos nas entrevistas de traballo e os problemas de saúde que todo isto trae consigo.

O 78 % das persoas LGBTI experimentou algún tipo de violencia na súa contorna laboral. E isto corrobóroa

o 75 % de traballadores e traballadoras que presenciaron agresións verbais cara a persoas LGBTI no traballo. Polo que non é de estrañar que o 40% oculte a súa orientación ou a súa identidade.

Acabemos cos chistes, cos rumores, co illamento que se fai ás persoas LGBTI nas nosas empresas. Acompañemos á nosa xente trans e fagamos que os nosos centros de traballo sexan espazos seguros para que manteñan o seu emprego e non renuncien a el. Independentemente de como conformemos a nosa familia, de como sexa a nosa identidade ou xénero. Denunciemos as agresións e ensinemos que o amor non fai dano.

O orgullo tamén se defende nos convenios

Non queremos compaixón, queremos dereitos. Non queremos silencio, queremos visibilidade. Non queremos medo, QUEREMOS MÁIS ORGULLO. E iso empeza por asegurar que as condicións laborais non dependan de a quen ames ou como te identifies, cal sexa a túa expresión de xénero, as túas características anatómicas ou a familia á que pertencas. O orgullo non é só unha celebración, é unha ferramenta de loita e un dereito sindical!

Por iso, compañeiras e compañeiros, imos pelexar ata a última mesa de negociación para que os nosos convenios amparen o respecto e cambien a cultura empresarial deste país. E tamén imos estar nas rúas, coas nosas bandeiras reclamando igualdade laboral e o fin da LGBTIfobia.

UGT defende a igualdade LGTBI e os seus dereitos laborais!

Orgullo é ter dereitos e exercelos no traballo sen medo!

UGT está e estará ao carón de todas as persoas LGBTI, porque esta loita tamén é sindical!

SINATURA ACORDO PERSOAL PNMT ILLAS ATLÁNTICAS

Redacción.- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático convocou as organizacións sindicais que votaron a favor na Comisión de Persoal do pasado 12 de xuño, do Acordo para o persoal adscrito ao PNMT Illas Atlánticas, Acordo autorizado polo Consello da Xunta o pasado 16 de xuño, segundo indicaban na convocatoria para sinatura.

UGT valora que en termos xerais o Acordo recolle as achegas realizadas pola Organización, singularmente a equiparación dos niveis dos postos de persoal funcionario creados no ano 2024 adscritos ao servizo Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Así mesmo, os tempos de des-



canso e a organización de traballo interno atendendo ás singularidades do Parque son cuestións relevantes que serán obxecto de seguimento especial por parte da UGT no futuro.

No obstante, hai aspectos que, de seguro van seguir formando

parte das nosas reivindicacións na Comisión de seguimento do Acordo: a extensión do obxecto e ámbito de aplicación do mesmo ás tripulacións e ao colectivo dos e das guías intérpretes de patrimonio natural, vai ser unha das nosas prioridades a futuro.

UGT DENUNCIA ANTE A INSPECCIÓN DE TRABALLO O MODELO LABORAL DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO

O sindicato esixe a aplicación dos convenios colectivos de Hostalería ás persoas traballadoras que prestan servizos en vivendas de uso turístico

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT), a través do seu Espazo de Vivenda Digna, fixo público un informe no que analiza as condicións laborais que permitiron o auxe das vivendas de uso turístico (VUT) e o seu modelo de negocio en España.

Baixo o título Tempo de traballo e salario nas vivendas de uso turístico, o informe denuncia a existencia dun modelo laboral con base en prácticas fraudulentas, caracterizado pola aplicación sistemática de condicións precarias. Exemplo diso son as limpadoras cuxa retribución, na maioría dos casos, é conforme ao Salario Mínimo Interprofesional (SMI), o que supón unha perda de tres euros por hora con respecto ás condicións salariais establecidas no convenio de Hostalería.

A maioría das tarefas de limpeza son desempeñadas maioritariamente por mulleres migrantes que carecen de contrato laboral, cobertura legal ou protección social. Segundo a estimación do sindicato, polo menos 10.900 persoas estarían a traballar en situación de economía mergullada, o que implicaría unha perda superior aos 35 millóns de euros anuais en concepto de cotizacións á



Seguridade Social.

UGT reclama a aplicación efectiva dos convenios colectivos de Hostalería, conforme ao establecido no artigo 4 do Acordo Laboral Estatal de Hostalería (ALEH), o cal inclúe expresamente ás vivendas de uso turístico no seu ámbito funcional. Con todo, moitas empresas xestoras eluden esta normativa de forma deliberada, aplicando convenios que non se axustan ao obxecto real da actividade (limpeza de edificios e locais),

o Estatuto dos Traballadores como referencia mínima ou recorrendo directamente á contratación informal: a economía mergullada.

Ante esta situación, UGT solicitou ao Ministerio de Traballo e Economía Social unha actuación coordinada por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social, tras rexistrar denuncias en todas as provincias respecto a este modelo laboral, que o sindicato cualifica de estruturalmente fraudulento.

UGT VALORA POSITIVAMENTE AS CONDICIÓNIS IMPOSTAS POLO GOBERNO Á OPA DO BBVA SOBRE O BANCO SABADELL

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) valora de forma positiva a decisión adoptada polo Consello de Ministros en relación coa operación de OPA presentada polo BBVA sobre o Banco Sabadell. En particular, destacamos e apoiamos as restricións adicionais impostas polo Goberno, que responden en boa parte ás demandas expostas polo noso sindicato en defensa do emprego, do crédito á economía produtiva e da cohesión territorial.

Consideramos especialmente relevante que, no marco desta decisión, garantiuse — por un período mínimo de tres anos, ampliable a cinco — a pervivencia de ambas as marcas con balances e contas de resultados separados, así como a existencia de órganos de decisión diferenciados para cada unha das entidades. Esta medida preserva a diversi-

dade operativa do sistema bancario español e actúa como cortalumes ante o risco de concentración excesiva.

Desde UGT valoramos tamén con satisfacción que as condicións gobernamentais inclúan compromisos claros sobre o mantemento dos postos de traballo e da rede de oficinas de ambas as entidades, así como garantías en canto ao acceso ao crédito para pemes e autónomos, aspectos que foron sinalados de forma reiterada pola nosa organización como esenciais para protexer o interese xeral.

Estas medidas non só resultan indispensables para mitigar os efectos máis lesivos que este tipo de operacións pode ter sobre o tecido social e económico, senón que deberían levar ao BBVA a desistir do seu intento de absorción, ao constatar que non existe marxe

para utilizar esta operación como vía de recorte, exclusión financeira ou concentración de poder de mercado.

En todo caso, UGT subliña que este episodio pon de relevo a necesidade urxente de que entidades como o Banco Sabadell reforcen a súa autonomía e a súa solvencia estratéxica, dotándose dos instrumentos necesarios para non aparecer como actores vulnerables en futuros intentos de concentración ou toma hostil, que poidan prexudicar a competencia, o emprego ou a oferta de servizos financeiros esenciais.

Desde o noso sindicato seguiremos con atención o desenvolvemento deste proceso, velando polo cumprimento das condicións impostas e pola defensa das persoas traballadoras, dos usuarios do sistema financeiro e do interese xeral.

A ECONOMÍA ESPAÑOLA COMEZA 2025 CUN BO DATO DE CRECEMENTO

Redacción.- Os datos da Contabilidade Nacional Trimestral do primeiro trimestre de 2025, publicados polo INE, rexistran un aumento trimestral do PIB do 0,6%, que se traduce nun 2,8% en termos anuais. Desta forma, confirmase unha desaceleración do crecemento en 5 décimas respecto ao último trimestre de 2024. Con todo, este crecemento segue sendo elevado, especialmente en comparación cos nosos homólogos europeos, e marca un inicio de ano en positivo, á espera de que se poidan medir os impactos da política arancelaria dos Estados Unidos e dos recentes conflitos xeopolíticos neste segundo trimestre, sobre todo tras a agresión de Israel e EEUU a Irán, que desembocou nun novo episodio bélico.

Neste sentido, destaca, polo lado da demanda, que o consumo dos fogares incrementase nun 3,7% anual e que o investimento o fai nun 4,2%, datos moi similares aos que se rexistraron o pasado trimestre. Nas importacións rexístrase unha aceleración da súa taxa anual de seis décimas, ata chegar ao 4,4%, mentres que as exportacións desaceleran ata o 2,7%. Polo lado da oferta, todos os sectores aumentan a súa actividade respecto ao mesmo trimestre de 2024: o sector primario é o que máis o fai (6,6%) e a construción o que menos (1,8%).

Estes datos reforzan a idea de que a economía española logrou unha maior capacidade de resiliencia ante as presións derivadas dos mercados internacionais, que é consecuencia, dun lado, dun moderado grao de exposición á subida arancelaria, e doutro, do positivo efecto das políticas aplicadas, como

sucedeu coa resposta dada á crise inflacionaria. O resultado é unha economía que crece máis que a media europea, que crea moito emprego e cada vez de maior calidade e que logrou moderar a inflación ata o 2,5% de media no que vai de 2025, logrando á vez un aumento dos salarios de convenio mesmo por encima dos limiares mínimos acordados polos interlocutores sociais no V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) 2023-2025, que eran do 3% (actualmente crecen un 3,4% en media).

Neste contexto, o incremento dos salarios non só constitúe unha mellora nas condicións de vida da maioría social, senón que se revela como un elemento imprescindible para soste-lo actual ciclo de crecemento económico. O dinamismo do consumo privado, que representa unha parte substancial do PIB, depende directamente da capacidade adquisitiva dos fogares. Unha evolución salarial positiva fortalece a demanda interna, consolida o investimento empresarial orientado ao mercado nacional e contribúe a manter o emprego. En consecuencia, seguir impulsando a negociación colectiva e asegurando melloras retributivas sostidas é unha condición necesaria para que o crecemento económico sexa duradeiro, equilibrado e socialmente xusto.

A pesar desta situación de bonanza económica sostida, seguen existindo debilidades asociadas ao noso modelo produtivo que requiren dunha actuación urxente. Por unha banda, a reindustrialización do país é unha necesidade cada vez maior, de maneira que se poida levar a cabo unha transición ecolóxica xusta que posibilite un crecemento sostible. O

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia orienta a política económica nesta dirección e, grazas aos Proxectos Estratéxicos de Transición Económica (PERTE), está a investirse en sectores punteiros como o aeroespacial ou o de produción de microchips. Con todo, o investimento produtivo segue sen alcanzar os niveis óptimos para xerar un crecemento estable no medio e longo prazo. A iso súmase a persistente crise de acceso á vivenda, que está a afectar gravemente a amplas capas da poboación traballadora e comprometendo tanto a cohesión social como a competitividade dos territorios. Afrontala require dunha política pública decidida en materia de vivenda que garanta prezos alcanzables, amplíe o parque público residencial e free a especulación.

Outro aspecto relevante neste sentido é a política monetaria decidida polo Banco Central Europeo (BCE), que exerce de canalizador de recursos ás entidades bancarias para facilitar ou dificultar o acceso a crédito. A pesar de subir de xullo do 2022 a novembro de 2023 os tipos de interese ata valores inéditos en máis de dúas décadas, a realidade é que actualmente estes xa descendieron ata o 2% e, previsiblemente, continuarán reducíndose. Unha política monetaria máis expansiva desde o BCE podería facilitar o impulso económico que necesitan moitos países. Todo iso nun momento estratéxico, no que está en xogo o reforzamento do proxecto europeo e do seu modelo de benestar social, ameazado polas presións existentes para elevar de maneira drástica o gasto armamentístico.